



## NOTA DE PRENSA

### Olimpiada Galega de Bioloxía

*Santiago, 11 de xaneiro de 2018.* O vindeiro venres día 12 de xaneiro celébrase na Facultade de Bioloxía da Universidade de Vigo (UVIGO) a proba correspondente á XIII Fase Autonómica Galega da Olimpiada de Bioloxía. Coorganizada pola Asociación Olimpiada Española de Biología (OEB), o Colexio Oficial de Biólogos de Galicia (COBGA) e a propia Facultade de Bioloxía da UVIGO, nela inscribíronse 105 estudantes de 31 centros de secundaria da comunidade autónoma galega. Este certame diríxese aos estudantes de segundo curso de bacharelato e na súa organización colaboran as outras universidades galegas e a Xunta de Galicia.

O fin das olimpíadas de bioloxía é fomentar os estudos relacionados coa Bioloxía e promover o interese na investigación científica entre os estudantes do sistema educativo español.

Foron admitidos 16 de centros da provincia de A Coruña, 11 de Pontevedra, 1 de Ourense e 3 de Lugo (\*). A organización do certame estableceu un máximo de catro estudantes por centro educativo.

O certame consistirá na resolución dunha proba teórica tipo test e unha proba práctica de laboratorio, cos contidos de Bioloxía da ESO, e de primeiro e segundo de bacharelato, centrados na base molecular e fisicoquímica da vida. A proba de laboratorio é a primeira vez que se celebra, para adecuala ás probas nacionais e internacionais.

É de resaltar que o pasado luns 30 de outubro asinou un **Convenio coa Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria** que ten por obxecto o recoñecemento como actividade de innovación educativa da preparación e acompañamento do alumnado participante na olimpíada. Así mesmo, ten por obxecto promover a formación dos docentes de ensino secundario e a súa actualización metodolóxica e científico-técnolóxica, así como fomentar neles a necesidade dunha aprendizaxe activa e participativa, onde se impulse o método científico e, por último, ampliar as súas competencias profesionais mediante unha formación axeitada en temas de innovación e investigación educativa. O Convenio se materializa coa certificación de 15 horas de formación ao profesorado participante na fase autonómica e 25 horas na fase nacional.

Á clausura da xornada asistirán os Sres. Decanos das Facultades de Bioloxía galegas, o Sr. Decano do Colexio Oficial de Biólogos de Galicia e o Delegado Institucional do COBGA na Olimpiada Española de Bioloxía.

Os/as tres gañadores/as da fase galega representarán á nosa comunidade na fase nacional, que se celebrará en Badajoz do 12 ao 15 de abril de 2018.

Máis información:  
COBGA (Pablo) Tel. 981 53 14 40

(\*)A Coruña; Ames, As Pontes, Boiro, Cambre, Culleredo, Ferrol, Melide, Narón, Noia, Oleiros, Santiago de Compostela, Lugo, Meira, Monforte, Ourense, Caldas de Reis, Cangas do Morrazo, Lalín, Pontearreas, Pontevedra, Valga, Vigo e Vilagarcía de Arousa